*Se pretende ahora avanzar más allá, con la puesta en marcha de este tipo de órganos, mediante la creación de un Consejo Municipal de la Cultura de la ciudad de A Coruña, que les dará voz a las personas que se encuentran dentro del tejido cultural de la ciudad.*

O Consello Municipal da Cultura (CMC) créase como un órgano colexiado de participación cidadá sectorial no ámbito cultural e con carácter consultivo. Está concibido como un espazo para asesorar, informar, debater, estudar, propoñer e traballar en rede, e ten como obxectivo achegarlles as políticas culturais municipais ás entidades culturais da cidade, colectivos, veciñanza, institucións e demais persoas ou organismos que se vexan afectadas dalgunha forma polas políticas públicas culturais.

*El Consejo Municipal de la Cultura (CMC) se crea como un órgano colegiado de participación ciudadana sectorial en el ámbito cultural y con carácter consultivo. Está concebido como un espacio para asesorar, informar, debatir, estudiar, proponer y trabajar en red, y tiene como objetivo acercarles las políticas culturales municipales a las entidades culturales de la ciudad, colectivos, vecinos, instituciones y demás personas u organismos que se vean afectadas de alguna forma por las políticas públicas culturales.*

O Consello Municipal da Cultura da cidade da Coruña é un órgano de participación do tecido cultural coruñés que pretende servir de espazo de encontro, relación e consenso sectorial. Canaliza a implicación de todos os seus membros e coñece as súas demandas e intereses, co fin de lograr a universalización do dereito da cidadanía ao acceso á Cultura e as instalacións culturais xestionadas polo Concello da Coruña.

*El Consejo Municipal de la Cultura de la ciudad de A Coruña es un órgano de participación del tejido cultural coruñés que pretende servir de espacio de encuentro, relación y consenso sectorial. Canaliza la implicación de todos sus miembros y conoce sus demandas e intereses, con el fin de lograr la universalización del derecho de la ciudadanía al acceso a la Cultura y las instalaciones culturales gestionadas por el Ayuntamiento de A Coruña.*

Coa creación deste Consello, preténdese situar a Cultura como eixe transversal e vertebrador da sociedade.

*Con la creación de este Consejo, se pretende situar la Cultura como eje transversal y vertebrador de la sociedad.*

É preciso que as Administracións Públicas

*Es preciso que las Administraciones*

centren os seus esforzos no apoio á creación e á produción propias, na formación e participación de todos os axentes produtores e receptores e no intercambio con outras realidades culturais.

*Públicas centren sus esfuerzos en el apoyo a la creación y a la producción propias, en la formación y participación de todos los agentes productores y receptores y en el intercambio con otras realidades culturales.*

Co Consello Municipal da Cultura, preténdese afondar na xestión democrática, participativa, activa e creativa dos programas culturais desenvolvidos polo Concello da Coruña.

*Con el Consejo Municipal de la Cultura, se pretende ahondar en la gestión democrática, participativa, activa y creativa de los programas culturales desarrollados por el Ayuntamiento de A Coruña.*

Trátase de impulsar unha Cultura na que a veciñanza da Coruña se poida recoñecer, ao tempo que olla cara a diversidade de pobos, nacións e linguas do mundo, de xeito aberto e cun carácter de universalidade.

*Se trata de impulsar una Cultura en la que los vecinos de A Coruña se puedan reconocer, al tiempo que mira hacia la diversidad de pueblos, naciones y lenguas del mundo, de manera abierta y con un carácter de universalidad.*

Coa creación do Consello, ábrense novas canles que vinculan a Cultura coa sociedade do coñecemento e dáselle un maior protagonismo á cidadanía, emisora maioritaria dos contidos e mensaxes culturais.

*Con la creación del Consejo, se abren nuevos canales que vinculan la Cultura con la sociedad del conocimiento y se le da un mayor protagonismo a la ciudadanía, emisora mayoritaria de los contenidos y mensajes culturales.*

O Consello Municipal da Cultural reflicte na súa composición a pluralidade de axentes que interveñen na política cultural municipal e permite o diálogo e cooperación entre cada unha das partes.

*El Consejo Municipal de la Cultural refleja en su composición la pluralidad de agentes que intervienen en la política cultural municipal y permite el diálogo y cooperación entre cada una de las partes.*

TÍTULO PRELIMINAR.

*TÍTULO PRELIMINAR.*

Artigo 1. Obxecto das normas.
Estas normas teñen por obxecto regular a creación, composición e funcionamento do Consello Municipal da Cultura da cidade da Coruña.

*Artículo 1. Objeto de las normas.*
*Estas normas tienen por objeto regular la creación, composición y funcionamiento del Consejo Municipal de la Cultura de la ciudad de A Coruña.*

O Consello créase ao abeiro do establecido no artigo 3 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello da Coruña, aprobado polo Pleno o día 2 de novembro de 2004 (BOP da Coruña do 13.12.2004).

*El Consejo se crea al amparo de lo establecido en el artículo 3 del Reglamento de Participación Ciudadana del Ayuntamiento de A Coruña, aprobado por el Pleno el día 2 de noviembre de 2004 (BOP de A Coruña del 13.12.2004).*

TÍTULO PRIMEIRO.- O CONSELLO MUNICIPAL DA CULTURA.

*TÍTULO PRIMERO.- EL CONSEJO MUNICIPAL DE LA CULTURA.*

Artigo 2. Natureza xurídica.
O Consello Municipal da Cultura (CMC) é un órgano consultivo e de seguimento, sen personalidade xurídica propia, colexiado, de participación cidadá sectorial no ámbito da Cultura.

*Artículo 2. Naturaleza jurídica.*
*El Consejo Municipal de la Cultura (CMC) es un órgano consultivo y de seguimiento, sin personalidad jurídica propia, colegiado, de participación ciudadana sectorial en el ámbito de la Cultura.*

O CMC permite a participación do tecido cultural da cidade da Coruña nas políticas públicas municipais que se adopten polo Concello da Coruña en materia de Cultura, Bibliotecas e Museos Científicos.

*El CMC permite la participación del tejido cultural de la ciudad de A Coruña en las políticas públicas municipales que se adopten por el Ayuntamiento de A Coruña en materia de Cultura, Bibliotecas y Museos Científicos.*

Os ditames e informes emitidos na sede deste órgano servirán de impulso na toma de decisións do Goberno municipal en materia de políticas públicas culturais.

*Los dictámenes e informes emitidos en la sede de este órgano servirán de impulso en la toma de decisiones del Gobierno municipal en materia de políticas públicas culturales.*

Artigo 3. Obxectivos e finalidades do Consello Municipal da Cultura.
O Consello Municipal da Cultura serve de canle de participación das persoas e entidades que teñen algún tipo de interese na vida cultural da cidade da Coruña, xa sexa na pública ou na privada.

*Artículo 3. Objetivos y finalidades del Consejo Municipal de la Cultura.*
*El Consejo Municipal de la Cultura sirve de canal de participación de las personas y entidades que tienen algún tipo de interés en la vida cultural de la ciudad de A Coruña, ya sea en la pública o en la privada.*

O Consello canaliza as propostas e inquedanzas en materia cultural e achégallas ao Concello da Coruña a través da concellaría ou, no seu caso, da Área de Cultura.

*El Consejo canaliza las propuestas e inquietudes en materia cultural y se las acerca al Ayuntamiento de A Coruña a través de la concejalía o, en su caso, del Área de Cultura.*

O Consello asesora ao Goberno municipal en materia cultural sempre e cando se lle solicite expresamente a elaboración dun ditame sobre algunha materia en concreto. Deste xeito, o Consello contribúe a trasladar a opinión do tecido cultural da cidade co fin de mellorar a xestión cultural e xerar debates e coñecemento sobre a Cultura na cidade.

*El Consejo asesora al Gobierno municipal en materia cultural siempre y cuando se le solicite expresamente la elaboración de un dictamen sobre alguna materia en concreto. De este modo, el Consejo contribuye a trasladar la opinión del tejido cultural de la ciudad con el fin de mejorar la gestión cultural y generar debates y*

*conocimiento sobre la Cultura en la ciudad.*

O CMC, na súa organización e funcionamento, atende sempre os seguintes valores:

*El CMC, en su organización y funcionamiento, atiende siempre los siguientes valores:*

a. A igualdade das persoas e a aplicación do axeitado tratamento de xénero.

*a. La igualdad de las personas y la aplicación del adecuado tratamiento de género.*

b. A defensa da transparencia, información e bo goberno das entidades culturais.

*b. La defensa de la transparencia, información y buen gobierno de las entidades culturales.*

c. A aposta por unha Cultura transversal e vertebradora da sociedade.

*c. La apuesta por una Cultura transversal y vertebradora de la sociedad.*

d. O apoio á creación e produción propias, á formación e participación de todos os axentes produtores e receptores e ao intercambio con outras realidades culturais.

*d. El apoyo a la creación y producción propias, a la formación y participación de todos los agentes productores y receptores y al intercambio con otras realidades culturales.*

e. A pretensión de afondar na xestión democrática, participativa, activa e creativa dos programas culturais municipais.

*e. La pretensión de ahondar en la gestión democrática, participativa, activa y creativa de los programas culturales municipales.*

f. O carácter de universalidade da Cultura, integradora da diversidade de pobos, nacións e linguas do mundo.

*f. El carácter de universalidad de la Cultura, integradora de la diversidad de pueblos, naciones y lenguas del mundo.*

O CMC terá como finalidades:

*El CMC tendrá como finalidades:*

a) Elaborar ditames sobre aqueles asuntos que sexan sometidos á súa consideración. Os seus ditames terán carácter consultivo e, polo tanto, non serán vinculantes para a Corporación municipal. Non obstante, si se terán en conta á hora da toma de decisións, tendo polo tanto o Consello un carácter non só consultivo, senón de impulso das políticas públicas municipais.

*a) Elaborar dictámenes sobre aquellos asuntos que sean sometidos a su consideración. Sus dictámenes tendrán carácter consultivo y, por lo tanto, no serán vinculantes para la Corporación municipal. No obstante, sí se tendrán en cuenta a la hora de la toma de decisiones, teniendo por lo tanto el Consejo un carácter no solo consultivo, sino de impulso de las políticas públicas municipales.*

b) Emitir informes, a iniciativa propia ou

*b) Emitir informes, a iniciativa propia o*

do Concello da Coruña, en relación coa política cultural municipal.

*del Ayuntamiento de A Coruña, en relación con la política cultural municipal.*

c) Participar na avaliación daqueles programas e planos de actuación nos que interveña, a nivel de proposición ou de seguimento, o propio Consello.

*c) Participar en la evaluación de aquellos programas y planes de actuación en los que intervenga, a nivel de proposición o de seguimiento, el propio Consejo.*

d) Promover a participación cidadá a través das entidades culturais da cidade, canalizando as demandas do sector.

*d) Promover la participación ciudadana a través de las entidades culturales de la ciudad, canalizando las demandas del sector.*

e) Contribuír a fomentar a vida asociativa no ámbito cultural.

*e) Contribuir a fomentar la vida asociativa en el ámbito cultural.*

f) Colaborar coa concellaría ou, no seu caso, coa Área de Cultura, de Museos Científicos e Bibliotecas, cando así se lle solicite, como instrumento de planificación estratéxica da cultura na cidade.

*f) Colaborar con la concejalía o, en su caso, con el Área de Cultura, de Museos Científicos y Bibliotecas, cuando así se le solicite, como instrumento de planificación estratégica de la cultura en la ciudad.*

g) Realizar propostas que contribúan a mellorar os servizos culturais municipais.

*g) Realizar propuestas que contribuyan a mejorar los servicios culturales municipales.*

h) Analizar, debater e valorar as iniciativas que sometan á súa consideración.

*h) Analizar, debatir y valorar las iniciativas que sometan a su consideración.*

i) Propoñer plans de actuación municipal propios do seu ámbito de actuación para sometelos á consideración da concellaría ou, no seu caso, da Área de Cultura, de Museos Científicos e Bibliotecas.

*i) Proponer planes de actuación municipal propios de su ámbito de actuación para someterlos a la consideración de la concejalía o, en su caso, del Área de Cultura, de Museos Científicos y Bibliotecas.*

j) Realizar as consultas que considere oportunas relativas á actividade cultural da cidade, así como someter ao Pleno do Consello aquelas consultas que lle solicite expresamente a concellaría ou, no seu caso, a Área de Cultura, de Museos Científicos e Bibliotecas.

*j) Realizar las consultas que considere oportunas relativas a la actividad cultural de la ciudad, así como someter al Pleno del Consejo aquellas consultas que le solicite expresamente la concejalía o, en su caso, el Área de Cultura, de Museos Científicos y Bibliotecas.*

k) Propoñer os ámbitos, seccións, franxas

*k) Proponer los ámbitos, secciones,*

de idade e territorios nos que se considera prioritaria a intervención municipal en materia de cultura.

*franjas de edad y territorios en los que se considera prioritaria la intervención municipal en materia de cultura.*

l) Propoñer mecanismos de coordinación entre todos os axentes que conflúen na vida cultural co sector educativo da cidade.

*l) Proponer mecanismos de coordinación entre todos los agentes que confluyen en la vida cultural con el sector educativo de la ciudad.*

m) Contribuír á transparencia das políticas públicas municipais a nivel cultural.

*m) Contribuir a la transparencia de las políticas públicas municipales a nivel cultural.*

n) As demais finalidades que lle encomende o Concello da Coruña e que teñan que ver coa natureza xurídica do propio Consello.

*n) Las demás finalidades que le encomiende el Ayuntamiento de A Coruña y que tengan que ver con la naturaleza jurídica del propio Consejo.*

Artigo 4. Composición do Consello Municipal da Cultura

*Artigo 4. Composición del Consejo Municipal de la Cultura.*

O Consello Municipal da Cultura está composto por:

*El Consejo Municipal de la Cultura está compuesto por:*

Presidencia: está presidido pola persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña, que poderá delegar as súas funcións.

*Presidencia: está presidido por la persona titular de la Alcaldía de la ciudad de A Coruña, que podrá delegar sus funciones.*

Vicepresidencia: estará formada por unha persoa que forme parte do Pleno do Consello Municipal da Cultura, elixida por este.

*Vicepresidencia: estará formada por una persona que forme parte del Pleno del Consejo Municipal de la Cultura, elegida por este.*

Vogais:

*Vocales:*

- Unha concelleira ou concelleiro en representación de cada un dos grupos municipais presentes no Pleno do Concello da Coruña.
- O director ou directora da área do Concello da Coruña que teña asignadas as competencias en materia de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas.
- Un membro do Consello Reitor do Instituto Municipal Coruña Espectáculos, nomeado pola Presidencia.
- Unha persoa representante do Consorcio de Turismo e Congresos da cidade da Coruña.

*- Una concejal o concejal en representación de cada uno de los grupos municipales presentes en el Pleno del Ayuntamiento de A Coruña.*
*- El director o directora del área del Ayuntamiento de A Coruña que tenga asignadas las competencias en materia de Cultura, Museos Científicos y Bibliotecas.*
*- Un miembro del Consejo Rector del Instituto Municipal Coruña Espectáculos, nombrado por la Presidencia.*
*- Una persona representante del Consorcio de Turismo y Congresos de la ciudad de A*

- Unha persoa representante do Consorcio de Promoción da Música da cidade da Coruña.

- Unha persoa representante da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

- Unha persoa representante da Universidade da Coruña.
- Unha persoa representante da Deputación da Coruña.
- Unha persoa representante da Fundación EMALCSA.
- Representantes das fundacións e das asociacións culturais actuantes na cidade da Coruña, en especial, das asociacións de artistas e creadores, das artes escénicas (teatro, danza, ópera, circo, monicreques, festivais, encontros); das artes plásticas e visuais (pintura, escultura, ilustración, gravados, belas artes en xeral, pero tamén fotografía, arte dixital, performance ou vídeo instalacións); do sector audiovisual e multimedia; do patrimonio cultural; de arquivos e bibliotecas; de libros e prensa (edición, distribución e artes gráficas, etc.); da música e industria fonográfica, así como de calquera outro sector relacionado coa actividade cultural, que teñan a súa veciñanza ou actuación na Coruña e posúan personalidade.

A inscrición no CMC realizarase por petición expresa das entidades interesadas, acreditando tanto a veciñanza na Coruña como o feito de estar legalmente constituídas.

- As demais persoas que decida convidar a persoa titular da Alcaldía para que formen parte do Consello Municipal da Cultura.

O Consello contará ademais cunha Secretaría. A Secretaría exercerase por unha persoa funcionaria do Servizo Municipal de Cultura, do Servizo Municipal de Bibliotecas

*Coruña.*
*- Una persona representante del Consorcio de Promoción de la Música de la ciudad de A Coruña.*
*- Una persona representante de la Consellería de Cultura de la Xunta de Galicia.*
*- Una persona representante de la Universidade da Coruña.*
*- Una persona representante de la Diputación de A Coruña.*
*- Una persona representante de la Fundación EMALCSA.*
*- Representantes de las fundaciones y de las asociaciones culturales actuantes en la ciudad de A Coruña, en especial, de las asociaciones de artistas y creadores, de las artes escénicas (teatro, danza, ópera, circo, títeres, festivales, encuentros); de las artes plásticas y visuales (pintura, escultura, ilustración, grabados, bellas artes en general, pero también fotografía, arte digital, performance o vídeo instalaciones); del sector audiovisual y multimedia; del patrimonio cultural; de archivos y bibliotecas; de libros y prensa (edición, distribución y artes gráficas, etc.); de la música e industria fonográfica, así como de cualquier otro sector relacionado con la actividad cultural, que tengan su vecindad o actuación en A Coruña y posean personalidad.*

*La inscripción en el CMC se realizará por petición expresa de las entidades interesadas, acreditando tanto la vecindad en A Coruña como el hecho de estar legalmente constituidas.*

*- Las demás personas que decida invitar la persona titular de la Alcaldía para que formen parte del Consejo Municipal de la Cultura.*

*El Consejo contará además con una Secretaría. La Secretaría se ejercerá por una persona funcionaria del Servicio Municipal de Cultura, del Servicio*

ou do Servizo Municipal de Museos Científicos. A persoa secretaria terá voz pero non voto. As persoas que forman parte do CMC, no exercicio das súas funcións, actuarán con plena autonomía e independencia.

As entidades que formen parte do Consello designarán as persoas que as representen, así como as persoas que deban suplilas en caso de ausencia, vacante, enfermidade ou por outra causa xustificada.

As asistencias ao Consello Municipal da Cultura, así como a calquera dos seus órganos, non darán dereito a percibir ningún tipo de retribución ou dieta e faranse con carácter totalmente altruísta.

Artigo 5. Constitución do Consello.
Para constituír o CMC, a persoa titular da Alcaldía enviaralle unha invitación a cada unha das entidades que poden formar parte do mesmo co fin de que comuniquen, se así o consideran oportuno, que persoa terá a condición de vogal durante o período de vixencia do CMC, así como a súa suplente.

A Secretaría do CMC comprobará que as persoas cumpren cos requisitos necesarios para ostentar a condición de vogal, e daralle traslado á Comisión Permanente e, se non houber, á Presidencia.

Logo de recibir todas as aceptacións para formar parte do CMC, a Secretaría elaborará unha listaxe coas persoas que forman parte do dito Consello, tanto as titulares como as suplentes.

Dentro do prazo de dous meses desde que entren en vigor estas normas específicas de funcionamento do CMC, unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, realizarase a sesión plenaria

*Municipal de Bibliotecas o del Servicio Municipal de Museos Científicos. La persona secretaria tendrá voz pero no voto. Las personas que forman parte del CMC, en el ejercicio de sus funciones, actuarán con plena autonomía e independencia.*

*Las entidades que formen parte del Consejo designarán a las personas que las representen, así como las personas que deban suplirlas en caso de ausencia, vacante, enfermedad o por otra causa justificada.*

*Las asistencias al Consejo Municipal de la Cultura, así como a cualquiera de sus órganos, no darán derecho a percibir ningún tipo de retribución o dieta y se harán con carácter totalmente altruista.*

*Artículo 5. Constitución del Consejo.*
*Para constituir el CMC, la persona titular de la Alcaldía le enviará una invitación a cada una de las entidades que pueden formar parte del mismo con el fin de que comuniquen, si así lo consideran oportuno, que persona tendrá la condición de vocal durante el período de vigencia del CMC, así como su suplente.*

*La Secretaría del CMC comprobará que las personas cumplen con los requisitos necesarios para ostentar la condición de vocal, y le dará traslado a la Comisión Permanente y, si no hubiere, a la Presidencia.*

*Después de recibir todas las aceptaciones para formar parte del CMC, la Secretaría elaborará un listado con las personas que forman parte de dicho Consejo, tanto las titulares como las suplentes.*

*Dentro del plazo de dos meses desde que entren en vigor estas normas específicas de funcionamiento del CMC, una vez publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña, se realizará la*

constitutiva do Consello.

Artigo 6. Órganos de funcionamento do Consello Municipal da Cultura.

Para o seu funcionamento, o CMC estará formado polos seguintes órganos:

a) Presidencia
b) Vicepresidencia
c) Pleno
d) Comisión Permanente
e) Comisións específicas ou grupos de traballo
f) Secretaría

TÍTULO SEGUNDO.- A PRESIDENCIA E A VICEPRESIDENCIA.

Artigo 7. A Presidencia do Consello Municipal da Cultura.

A Presidencia correspóndelle á persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña. A Presidencia poderá delegar as súas funcións.

A Presidencia, asistida pola Secretaría, dirixe o CMC e asume a súa representación.

Correspóndelle á Presidencia convocar as sesións, fixar a orde do día e presidir as sesións do Pleno e da Comisión Permanente.

Tamén lle corresponde á Presidencia:

a. Dirimir os debates co voto de calidade.

b. A representación do Consello Municipal da Cultura.
c. Visar as actas e comunicar os acordos ou ditames, así como ordenar a súa publicación na páxina web de Cultura.
d. Realizar as xestións e tarefas necesarias para o bo desenvolvemento e funcionamento do Consello.
e. Resolver, logo de oír a Comisión

*sesión plenaria constitutiva del Consejo.*

*Artículo 6. Órganos de funcionamiento del Consejo Municipal de la Cultura.*

*Para su funcionamiento, el CMC estará formado por los siguientes órganos:*

*a) Presidencia*
*b) Vicepresidencia*
*c) Pleno*
*d) Comisión Permanente*
*e) Comisiones específicas o grupos de trabajo*
*f) Secretaría.*

*TÍTULO SEGUNDO.- LA PRESIDENCIA Y LA VICEPRESIDENCIA.*

*Artículo 7. La Presidencia del Consejo Municipal de la Cultura.*

*La Presidencia le corresponde a la persona titular de la Alcaldía de la ciudad de A Coruña. La Presidencia podrá delegar sus funciones.*

*La Presidencia, asistida por la Secretaría, dirige el CMC y asume su representación.*

*Le corresponde a la Presidencia convocar las sesiones, fijar la orden del día y presidir las sesiones del Pleno y de la Comisión Permanente.*

*También le corresponde a la Presidencia:*

*a. Dirimir los debates con el voto de calidad.*
*b. La representación del Consejo Municipal de la Cultura.*
*c. Visar las actas y comunicar los acuerdos o dictámenes, así como ordenar su publicación en la página web de Cultura.*
*d. Realizar las gestiones y tareas necesarias para el buen desarrollo y funcionamiento del Consejo.*
*e. Resolver, después de oír la Comisión*

Permanente, as dúbidas que se suscitaren sobre a aplicación das presentes normas específicas de funcionamento do Consello.
f. Garantir a participación cidadá.
g. Promover a coordinación entre o CMC e o Goberno municipal e os órganos de xestión do Concello, co obxectivo de intercambiar información e, se se estimar necesario, propor medidas de actuación conxuntas.

h. Velar por que se cumpran os obxectivos propios do Consello e que se adecúen as súas actuacións á normativa vixente.
i. Por proposta do Pleno ou da Comisión Permanente, convidar a participar ás persoas titulares doutras concellarías, ao persoal técnico, ás institucións ou entidades expertas nun tema concreto que foren obxecto de estudo ou cuxa opinión se quixer consultar.

j. Solicitar a información e documentación complementaria necesaria sobre os asuntos tratados na orde do día, así como a asistencia técnica municipal ou de carácter externo que considere necesaria e oportuna para garantir o bo funcionamento do Consello.

k. Desempeñar cantas funcións foren inherentes á súa condición de presidenta ou presidente.
l. No seu caso, designar a persoas de recoñecido prestixio do sector cultural para formar parte das comisións específicas ou grupos de traballo, sen que sexa preciso que estas persoas formen parte do Pleno do Consello.

Artigo 8. A Vicepresidencia.
O Consello Municipal da Cultura terá unha Vicepresidencia.

A Vicepresidencia será elixida polo Pleno do Consello Municipal da Cultura de entre as persoas que o integran.

O nomeamento e a destitución da Vicepresidencia, ao longo da vixencia do CMC, deberá ser debidamente motivado.

*Permanente, las dudas que se susciten sobre la aplicación de las presentes normas específicas de funcionamiento del Consejo.*
*f. Garantizar la participación ciudadana.*
*g. Promover la coordinación entre el CMC y el Gobierno municipal y los órganos de gestión del Ayuntamiento, con el objetivo de intercambiar información y, si se estimar necesario, proponer medidas de actuación conjuntas.*
*h. Velar por que se cumplan los objetivos propios del Consejo y que se adecúen sus actuaciones a la normativa vigente.*
*i. Por propuesta del Pleno o de la Comisión Permanente, invitar a participar a las personas titulares de otras concejalías, al personal técnico, a las instituciones o entidades expertas en un tema concreto que fueren objeto de estudio o cuya opinión se quisiere consultar.*
*j. Solicitar la información y documentación complementaria necesaria sobre los asuntos tratados en el orden del día, así como la asistencia técnica municipal o de carácter externo que considere necesaria y oportuna para garantizar el buen funcionamiento del Consejo.*
*k. Desempeñar cuantas funciones fueren inherentes a su condición de presidenta o presidente.*
*l. En su caso, designar a personas de reconocido prestigio del sector cultural para formar parte de las comisiones específicas o grupos de trabajo, sin que sea preciso que estas personas formen parte del Pleno del Consejo.*

*Artículo 8. La Vicepresidencia.*
*El Consejo Municipal de la Cultura tendrá una Vicepresidencia.*

*La Vicepresidencia será elegida por el Pleno del Consejo Municipal de la Cultura de entre las personas que lo integran.*

*El nombramiento y la destitución de la Vicepresidencia, a lo largo de la vigencia del CMC, deberá ser debidamente*

A Vicepresidencia encargarase de colaborar coa Presidencia no desenvolvemento das funcións que ten asignadas.

A Vicepresidencia, ademais, servirá de canle de comunicación entre a comunidade cultural coruñesa e o Concello da Coruña.

TÍTULO TERCEIRO.- O PLENO.

Artigo 9. Composición.

O Pleno é o órgano máximo do Consello Municipal da Cultura. Integran o Pleno do CMC:

1. A persoa titular da Presidencia.
2. A Vicepresidencia.
3. A Secretaría.
4. As e os vogais sinalados no artigo 4.

Incentivarase que haxa unha representación paritaria de homes e mulleres no Pleno do CMC.

Como convidados pola Presidencia, ou solicitadas por maioría do Pleno ou da Comisión Permanente, poderán participar nas sesións, con voz pero sen voto, persoal técnico municipal ou persoas asesoras que desempeñen as súas funcións na Concellaría, ou, no seu caso, na Área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas. Poderá participar, así mesmo, persoal funcionario de calquera outra área, sempre cando se considerara oportuno, para os temas que se van tratar nas sesións do Pleno. Estas persoas terán voz pero non voto.

Poderá asistir ao Pleno calquera outra persoa ou entidade que sexa invitada pola persoa titular da Alcaldía cando o estime

*motivado.*

*La Vicepresidencia se encargará de colaborar con la Presidencia en el desarrollo de las funciones que tiene asignadas.*

*La Vicepresidencia, además, servirá de canal de comunicación entre la comunidad cultural coruñesa y el Ayuntamiento de A Coruña.*

*TÍTULO TERCERO.- EL PLENO.*

*Artículo 9. Composición.*

*O El Pleno es el órgano máximo del Consejo Municipal de la Cultura. Integran el Pleno del CMC:*

*1. La persona titular de la Presidencia.*
*2. La Vicepresidencia.*
*3. La Secretaría.*
*4. Las y los vocales señalados en el artículo 4.*

*Se incentivará que haya una representación paritaria de hombres y mujeres en el Pleno del CMC.*

*Como invitados por la Presidencia, o solicitadas por mayoría del Pleno o de la Comisión Permanente, podrán participar en las sesiones, con voz pero sin voto, personal técnico municipal o personas asesoras que desempeñen sus funciones en la Concejalía, o, en su caso, en el Área de Cultura, Museos Científicos y Bibliotecas. Podrá participar, asimismo, personal funcionario de cualquier otra área, siempre y cuando se considere oportuno, para los temas que se van a tratar en las sesiones del Pleno. Estas personas tendrán voz pero no voto.*

*Podrá asistir al Pleno cualquier otra persona o entidad que sea invitada por la persona titular de la Alcaldía cuando lo*

conveniente por tratarse de persoas ou entidades con coñecemento ou recoñecido prestixio sobre unha materia que vaia ser obxecto de debate e análise. Estas persoas terán voz pero non voto.

*estime conveniente por tratarse de personas o entidades con conocimiento o reconocido prestigio sobre una materia que vaya ser objeto de debate y análisis. Estas personas tendrán voz pero no voto.*

Artigo 10. Funcións.

*Artículo 10. Funciones.*

No Pleno debateranse os problemas, proxectos, e demais cuestións de interese para o desenvolvemento da xestión cultural municipal, que lle sexan sometidos a consulta por parte da concellaría ou, no seu caso, da Área de Cultura.

*En el Pleno se debatirán los problemas, proyectos, y demás cuestiones de interés para el desarrollo de la gestión cultural municipal, que le sean sometidos a consulta por parte de la concejalía o, en su caso, del Área de Cultura.*

Supón, polo tanto, unha canle de achega de propostas e suxestións que recollerá a Comisión Permanente do Consello Municipal da Cultura para a súa análise de viabilidade e presentación á concellaría ou, no seu caso, a Área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas do Concello da Coruña.

*Supone, por lo tanto, un canal de aportación de propuestas y sugerencias que recogerá la Comisión Permanente del Consejo Municipal de la Cultura para su análisis de viabilidad y presentación a la concejalía o, en su caso, el Área de Cultura, Museos Científicos y Bibliotecas del Ayuntamiento de A Coruña.*

Correspóndenlle ao Pleno as funcións seguintes:

*Le corresponden al Pleno las funciones siguientes:*

a) Elixir á Vicepresidencia do Consello.
b) Informar e asesorar á concellaría ou, no seu caso, á Área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas en relación aos temas da súa competencia, xa sexa de oficio ou a petición da Alcaldía, da concellaría ou, no seu caso, da Área.
c) Propoñer ao Goberno municipal a realización de programas, campañas e actividades culturais de interese municipal.
d) Elixir ás persoas que forman parte da Comisión permanente.
e)No seu caso, designar a persoas de recoñecido prestixio do sector cultural para formar parte das comisións específicas ou grupos de traballo, sen que sexa preciso que estas persoas formen parte do Pleno do Consello.
f) Calquera outra función que lle sexa asignada polo Concello da Coruña en materia consultiva ou de participación e que teña que

*a) Elegir a la Vicepresidencia del Consejo.*
*b) Informar y asesorar a la concejalía o, en su caso, al Área de Cultura, Museos Científicos y Bibliotecas en relación a los temas de su competencia, ya sea de oficio o a petición de la Alcaldía, de la concejalía o, en su caso, del área.*
*c) Proponer al Gobierno municipal la realización de programas, campañas y actividades culturales de interés municipal.*
*d) Elegir a las personas que forman parte de la Comisión permanente.*
*e) En su caso, designar a personas de reconocido prestigio del sector cultural para formar parte de las comisiones específicas o grupos de trabajo, sin que sea preciso que estas personas formen parte del Pleno del Consejo.*
*f) Cualquier otra función que le sea asignada por el Ayuntamiento de A Coruña en materia consultiva o de participación y*

ver co ámbito cultural.

Artigo 11. Clases de sesións.

a) Ordinarias: unha vez ao ano. No primeiro Pleno de constitución do CMC establecerase o mes no que quedará marcado no calendario a sesión ordinaria anual.

b) Extraordinarias: serán convocadas pola Presidencia, xa sexa a iniciativa propia ou porque lle sexa solicitado pola Comisión Permanente.

Artigo 12. Orde do día e convocatoria das sesión.

A convocatoria das sesións ordinarias ou extraordinarias coa correspondente orde do día, e xunto coa documentación correspondente relativa aos asuntos que se van tratar, deberá comunicárselle ás persoas integrantes do Pleno cunha antelación mínima de quince (15) días hábiles, agás que se trate de sesións extraordinarias que se comunicarán cunha antelación de cando menos 48 horas.

As convocatorias cursaranse preferentemente mediante correo electrónico ou outro medio electrónico aos enderezos que cada persoa membro do Pleno declarase como indicados para recibir comunicacións. No caso de que non fose posible, cursaranse conforme á normativa en vigor sobre procedemento administrativo.

A documentación correspondente a cada sesión deberá achegarse xunto coa orde do día, e poderá estar dispoñible na páxina en liña municipal, debendo estar garantido o acceso aos membros do Consello e a súa seguridade.

As e os vogais do CMC poderán remitirlle á

*que tenga que ver con el ámbito cultural.*

*Artículo 11. Clases de sesiones.*

*a) Ordinarias: una vez al año. En el primer Pleno de constitución del CMC se establecerá el mes en el que quedará marcado en el calendario la sesión ordinaria anual.*

*b) Extraordinarias: serán convocadas por la Presidencia, ya sea a iniciativa propia o porque le sea solicitado por la Comisión Permanente.*

*Artículo 12. Orden del día y convocatoria de las sesiones.*

*La convocatoria de las sesiones ordinarias o extraordinarias con el correspondiente orden del día, y junto con la documentación correspondiente relativa a los asuntos que se van a tratar, deberá comunicársele a las personas integrantes del Pleno con una antelación mínima de quince (15) días hábiles, excepto que se trate de sesiones extraordinarias que se comunicarán con una antelación de cuando menos 48 horas.*

*Las convocatorias se cursarán preferentemente mediante correo electrónico u otro medio electrónico a las direcciones que cada persona miembro del Pleno declarara como indicados para recibir comunicaciones. En caso de que no fuera posible, se cursarán conforme a la normativa en vigor sobre procedimiento administrativo.*

*La documentación correspondiente a cada sesión deberá adjuntarse junto con el orden del día, y podrá estar disponible en la página on line municipal, debiendo estar garantizado el acceso a los miembros del Consejo y su seguridad.*

*Las y los vocales del CMC podrán remitirle*

Secretaría propostas de asuntos para que sexan incluídos na orde do día, que os enviará á Presidencia para que dea a súa conformidade. A Comisión Permanente tamén poderá propoñer asuntos para incluír na orde do día.

*a la Secretaría propuestas de asuntos para que sean incluidos en el orden del día, que los enviará a la Presidencia para que dé su conformidad. La Comisión Permanente también podrá proponer asuntos para incluir en el orden del día.*

Non se aceptarán asuntos para incluír na orde do día se non se presenten cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data en que deba celebrarse o Pleno.

*No se aceptarán asuntos para incluir en el orden del día si no se presenten con una antelación mínima de 5 días hábiles a la fecha en que deba celebrarse el Pleno.*

Artigo 13. Quórum

*Artículo 13. Quórum*

Entenderase validamente constituído o Pleno cando estean presentes, en primeira convocatoria, a maioría absoluta dos integrantes. No caso de que non se alcance ese quórum, entenderase validamente constituído en segunda convocatoria, media hora despois, coas persoas asistentes.

*Se entenderá válidamente constituido el Pleno cuando estén presentes, en primera convocatoria, la mayoría absoluta de los integrantes. En caso de que no se alcance ese quórum, se entenderá válidamente constituido en segunda convocatoria, media hora después, con las personas asistentes.*

En todo caso, para que estea validamente constituído, e para os efectos de teren lugar as sesións, as deliberacións e adoptárense os acordos, requirirase a presenza da Presidencia ou da persoa na que delegue, da Vicepresidencia e da Secretaría.

*En todo caso, para que esté válidamente constituido, y a los efectos de tener lugar las sesiones, las deliberaciones y adoptarse los acuerdos, se requerirá la presencia de la Presidencia o de la persona en la que delegue, de la Vicepresidencia y de la Secretaría.*

Artigo 14. Asuntos non incluídos na orde do día

*Artículo 14. Asuntos no incluidos en el orden del día*

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos da sesión, a Presidencia, por iniciativa propia ou por petición de calquera das persoas vogais, poderá someter a votación que se inclúa na orde do día calquera outro asunto de carácter urxente. A súa inclusión decidirase por maioría absoluta das persoas presentes do Pleno que teñan voto.

*Con carácter previo al tratamiento de los asuntos de la sesión, la Presidencia, por iniciativa propia o por petición de cualquiera de las personas vocales, podrá someter a votación que se incluya en el orden del día cualquier otro asunto de carácter urgente. Su inclusión se decidirá por mayoría absoluta de las personas presentes del Pleno que tengan voto.*

Artigo 15. Desenvolvemento do debate

*Artículo 15. Desarrollo del debate*

No desenvolvemento das sesións procurarase crear as condicións para que poidan estar

*En el desarrollo de las sesiones se procurará crear las condiciones para que*

